

**SERVIZO  
DE FESTAS**

**CONCELLERÍA DE  
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E  
FESTAS**

**CONCELLO  
DE VIGO**



EXPEDIENTE: 9176/ 335	TIPO EXPTE: CONTRATO DE SERVIZOS
	SOLICITANTE: Servizo de Festas

**Asunto: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA SOPORTE DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”**

## **INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE**

Este informe-proposta redáctase de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LRFL)

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

O artigo 25.1 da Lei 7/1985 determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme o paragrafo segundo de dito artigo o municipio exercerá competencias propias.

## **ANTECEDENTES**

A Concellería de Festas ten atribuída a competencia de “Programar, desenvolver e xestionar a celebración de actividades festivas e socioculturais, de lecer e tempo libre, así como promover todo tipo de programas, plans, actividades e servizos que contribúan á animación sociocultural dos cidadáns”.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2020, aprobou o **“Plan de dinamización e desenvolvemento do servizo de Festas: Liñas estratéxicas básicas de actuación no período 2020-2023”** (expediente 8385/335), que recolle os cinco obxectivos do Servizo de Festas e traza as liñas estratéxicas básicas.

A liña estratéxica 1 se refire ao deseño, desenvolvemento, xestión e execución da programación propia anual que da cobertura á consecución dos obxectivos básicos do servizo de Festas números 1 e 2 a través do desenvolvemento, xestión, execución e seguimento dos diferentes programas e actividades festivas, socioculturais, de lecer e tempo libre que garantan unha oferta

SERVIZO  
DE FESTAS

CONCELLERÍA DE  
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E  
FESTAS

CONCELLO  
DE VIGO



sociocultural completa e de calidade, e contribúan á dinamización sociocultural e fomenten a participación dos cidadáns durante o período 2020-2023.

## NECESIDADE E IDONEIDADE DA CONTRATACIÓN

### 1. Necesidade

O Servizo de Festas organiza ao longo do ano programas que supoñen a organización, seguimento e análise de resultados de diversos programas: Nadal, Cabalgata de Reis, Entroido, Festas de Vigo, Outono e actividades de pequeno formato que se realizan en distintos puntos da cidade ao longo de todo o ano.

Con data do 07/02/2022 asinouse o informe proposta do Programa de “Vigo en Festas 2022”, no que se recollen diferentes actividades e espectáculos previstos para desenvolver ao longo do ano 2022 (expte. nº 9172/335).

As diferentes actividades programadas precisan o da contratación do servizo de produción técnica de soporte á programación.

Polo exposto, faise necesaria a contratación da prestación do servizo de **produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas”**

### 2. Idoneidade

Á vista dos antecedentes expostos, considérase que o obxecto e o contido do contrato resultan idóneos para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse que son o **servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas”**

### 3.- Insuficiencia de medios

En aplicación do artigo 116 da Lei 9/2017, xustifícase que O Servizo de Festas non dispón dos recursos técnicos e humanos necesarios para a realización destes traballos, non estando prevista na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo a ampliación do dito cadro de persoal coa incorporación de persoal coa cualificación e formación técnica requirida para o desenvolvemento das prestacións previstas no presente contrato, polo que para o cumprimento e realización da produción soporte dos espectáculos previstos no programa Vigo en Festas 2022 faise necesaria a realización deste contrato.

## RÉXIMEN XURÍDICO DO CONTRATO

O contrato, polo seu obxecto, constitúe un contrato administrativo de servizos, de acordo co previsto nos artigos 17 e 25 da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público.

O dito contrato ten a consideración de contrato aberto por razón de contía, segundo o previsto nos artigos 118 e 131.3 da citada lei.

O gasto correspondente a este expediente podería imputarse á bolsa de vinculación da aplicación 3380.226.0906 “Festas de Vigo” do programa orzamentario de Festas.

O contrato está previsto do Plan Anual de Contratación coa denominación: “Servizo de produción para a execución dos eventos programados polo servizo de Festas no ano 2022-2023”

## XUSTIFICACIÓN DE NON ALTERACIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto deste contrato, **produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa Vigo en Festas**, en ningún momento supón fraccionamento ou alteración do mesmo.

**SERVIZO  
DE FESTAS**

**CONCELLERÍA DE  
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E  
FESTAS**

**CONCELLO  
DE VIGO**



En resposta ao artigo 118.3 da Lei 9/2017, infórmase que o presente contrato contén todas as prestacións necesarias para a completa execución dos devanditos traballos, non estando prevista a súa ampliación; en consecuencia, non se está a alterar o obxecto do presente contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

## **LOTES**

Prevese a división do obxecto contrato en lotes, toda vez que a natureza e o obxecto do contrato o permiten, de conformidade co artigo 99.3 da LCSP. En consecuencia cada lote constitúe unha unidade funcional independente. Desta maneira o obxecto do contrato divídese nos seguintes **LOTES (5)**:

LOTE 1: Produción técnica soporte de actividades e espectáculos de pequeno formato en diferentes localizacións.

LOTE 2 Produción técnica soporte de grandes espectáculos en diferentes localizacións.

LOTE 3 Produción técnica soporte de espectáculos no Auditorio de Castrelos.

LOTE 4, servizo de ambulancias

LOTE 5, organización do sistema de entradas

## **COMPETENCIA MUNICIPAL E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

De acordo co exposto e, de conformidade co art. 116.1 e D.Ad.2ª.4 da LCSP e coas delegacións de competencias adoptadas por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 18/06/2019 e 26/06/2019 e posteriores modificacións, e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, e posteriores modificacións, elévase ao Concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas, a seguinte:

## **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

Iniciar o expediente administrativo para a contratación da prestación de servizo de **producción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas”**

Vigo, na data da sinatura dixital

A Xefa do Servizo de Festas,  
M. Cristina Chao Polo

## **DECRETO**

Vista a precedente proposta, **RESOLVO** de conformidade coa mesma.

O Concelleiro Delegado da área de Participación e Festas  
Pablo L. Estévez Rodríguez

DOU FE, A Secretaria da Administración Municipal. Susana Gallardo Fariña